



Resolución do reitor, do 30 de xuño de 2025, pola que se establecen os prezos de matrícula no curso 2025/26 para o alumnado estranxeiro maior de 18 anos que non teña a condición de residente permanente ou de longa duración

| | |
|-------------------------------------------------------------------------|---|
| PREÁMBULO | 1 |
| Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación..... | 2 |
| Artigo 2. Custo de referencia | 2 |
| Artigo 3. Prezos por crédito..... | 2 |
| Artigo 4. Comprobación da condición de residencia..... | 3 |
| Artigo 5. Outros prezos | 4 |
| Disposición transitoria. Alumnado matriculado en cursos anteriores..... | 4 |
| Disposición derogatoria. Derrogación normativa..... | 4 |
| Disposición final primeira. Habilitación | 4 |
| Disposición final segunda. Entrada en vigor..... | 4 |
| ANEXO. Países con IDH medio/baixo | 5 |

PREÁMBULO

Os decretos que fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do sistema universitario de Galicia para os distintos cursos académicos establecen que lles corresponde ás universidades, mediante unha resolución reitoral, determinar os prezos de matrícula aplicables ao estudiantado que non estea incluído nas taxas previstas no propio decreto, tanto en estudos de grao como de mestrado.

O Decreto 164/2024, do 24 de xuño, polo que se fixaron os prezos para o curso 2024/25, recolleu por primeira vez, no seu artigo 5.2, a esixencia de que o estudiantado conte cunha autorización de residencia permanente ou de longa duración para se poder beneficiar dos prezos públicos ordinarios recollidos nese decreto.

A Universidade da Coruña, a través da Resolución reitoral do 24/07/2024, estableceu os prezos de matrícula para o estudiantado non incluído no decreto. Porén, na dita resolución non se incorporou a condición de residencia permanente ou de longa duración, tal como si recollía o decreto autonómico, o que supón un erro que cómpre corrixir nesta nova resolución.

Con todo, esta corrección debe ter en conta que o estudiantado que iniciou os seus estudos na Universidade da Coruña no curso 2024/25, sen ter a condición de residencia permanente ou de longa duración, abouu a matrícula como se a tivera e,



en consecuencia, é posible que decidise matricularse nesta universidade, precisamente, polo prezo establecido, en comparación coas outras universidades.

Esta situación non é equiparable á do estudiantado que no curso 2024/25 xa era de continuación de estudos, toda vez que no momento en que comezou os seus estudos os prezos eran os mesmos nas tres universidades galegas.

Por este motivo, considérase xusto e adecuado manter, durante o tempo ordinario de duración dos estudos, as condicións económicas con que ese estudiantado iniciou a súa formación na Universidade da Coruña. Esta medida establecese mediante unha disposición transitoria, que regula especificamente a situación deste colectivo.

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta resolución aplícaselles ás persoas estranxeiras maiores de 18 anos que non teñan a condición de residente permanente ou de longa duración en España, e que, por tanto, non se poden acoller aos prezos públicos ordinarios establecidos no decreto da Xunta de Galicia.
2. Quedan excluídas desta normativa e aboárán os mesmos prezos que o estudiantado español:
 - a) As persoas nacionais de estados membros da Unión Europea.
 - b) As persoas nacionais de países aos que lles sexa de aplicación o réxime comunitario (Islandia, Liechtenstein, Noruega e Suíza).
 - c) As persoas nacionais de países cun índice de desenvolvemento humano (IDH) medio ou baixo, segundo a clasificación que se recolle no anexo desta resolución.

Artigo 2. Custo de referencia

1. O prezo que deberá aboar o estudiantado a que se refire esta resolución foi acordado polas universidades do sistema universitario galego (SUG) no 25 % do custo de referencia establecido para cada un dos conceptos indicados na tarifa primeira do anexo do Decreto.
2. Este custo de referencia foi definido no artigo 2.1 do Decreto 154/2012, polo que se fixan os prezos de matrícula no curso 2012/13, sendo:
 - 5 170,00 € para as titulacións encadradas na epígrafe A do anexo do decreto
 - 3 650,00 € para as titulacións encadradas na epígrafe B do dito anexo.

Artigo 3. Prezos por crédito

Os prezos que aboárán por cada crédito as persoas suxeitas ao ámbito de aplicación desta resolución, para o curso académico 2025/26, serán os seguintes:

1. Ensinanzas de grao

1.1. Titulacións de grao da epígrafe A:

- Primeira matrícula: 17,41 €



- Segunda matrícula: 24,13 €
- Terceira matrícula: 39,01 €
- Cuarta e sucesivas matrículas: 49,74 €

1.2. Titulacións de grao da epígrafe B:

- Primeira matrícula: 12,31 €
- Segunda matrícula: 17,03 €
- Terceira matrícula: 27,55 €
- Cuarta e sucesivas matrículas: 35,08 €

2. Ensinanzas de mestrado que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España segundo o que establece a normativa estatal e europea aplicable e análogas.

2.1. Mestrados da epígrafe A:

- Primeira matrícula: 17,41 €
- Segunda matrícula: 24,13 €
- Terceira matrícula: 39,01 €
- Cuarta e sucesivas matrículas: 49,74 €

2.2. Mestrados da epígrafe B:

- Primeira matrícula: 12,31 €
- Segunda matrícula: 17,03 €
- Terceira matrícula: 27,55 €
- Cuarta e sucesivas matrículas: 35,08 €

3. Ensinanzas de mestrado non comprendidas no apartado anterior.

3.1. Mestrados da epígrafe A:

- Primeira matrícula: 17,41 €
- Segunda e sucesivas matrículas: 48,18 €

3.2. Mestrados da epígrafe B:

- Primeira matrícula: 12,31 €
- Segunda e sucesivas matrículas: 33,35 €

Artigo 4. Comprobación da condición de residencia

A Universidade comprobará se a persoa ten residencia permanente ou de longa duración a través das plataformas de intermediación de datos ou por outros sistemas electrónicos que estean habilitados.

Se por calquera motivo non é posible facer esas comprobación, a persoa interesada deberá achegar un documento oficial que acredite esa condición.



Artigo 5. Outros prezos

As persoas suxeitas ao ámbito de aplicación desta resolución deberán aboar as taxas administrativas que lle correspondan segundo a tarifa terceira, punto 2 (secretaría) do anexo do Decreto da Xunta de Galicia polo que se establecen os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no sistema universitario de Galicia para o curso académico 2025/26,

Disposición transitoria. Alumnado matriculado en cursos anteriores

1. O estudantado de grao que iniciou estudos no curso 2024/25 e aboou os prezos públicos establecidos pola Xunta de Galicia, tras presentar un documento de residencia en España que non fora permanente ou de longa duración, poderá seguir pagando ese prezo reducido ata o curso 2027/28 incluído, sempre que continúe os mesmos estudos de grao que iniciou no curso 2024/25.

Finalizado este prazo, ou no caso de cambiar de titulación, aplicárselle o réxime xeral de prezos.

2. O estudantado de mestrado universitario de máis dun curso de duración, que iniciou estudos no curso 2024/25 nas mesmas condicións, poderá seguir pagando ese prezo reducido ata o curso 2025/26 incluído, sempre que continúe os mesmos estudos de mestrado universitario que iniciou no curso 2024/25.

Unha vez que finalice este prazo, ou no caso de cambiar de estudos, aplicárselle tamén o réxime xeral de prezos.

Disposición derogatoria. Derrogación normativa

Queda derogada a Resolución reitoral do 04/07/2024 pola que se establece o prezo de matrícula no curso 2024/25 para o alumnado estranxeiro maior de 18 anos que non teña a condición de residente, así como cantas normas de rango igual ou inferior se opoñan a esta resolución.

Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase a vicerreitoría con competencias en materia de organización académica para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrucións que sexan oportunas, que deberán ser publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC no caso de ter alcance xeral.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad

**ANEXO. Países con IDH medio/baixo**

| | | |
|-------------------|-------------------|--------------------------------|
| Afganistán | Haití | Paquistán |
| Angola | Honduras | Quenia |
| Bangladesh | Iemen | República Centroafricana |
| Benín | Illas Salomón | República Democrática do Congo |
| Burkina Faso | India | República do Congo |
| Burundi | Iraq | Ruanda |
| Bután | Kiribati | San Tomé e Príncipe |
| Cabo Verde | Laos | Senegal |
| Camboya | Lesoto | Serra Leoa |
| Camerún | Liberia | Siria |
| Chad | Madagascar | Somalia |
| Comores | Malaui | Sudán |
| Costa do Marfil | Malí | Sudán do Sur |
| Salvador, O | Mauritania | Tanzania |
| Eritrea | Micronesia | Taxiquistán |
| Eswatini | Mozambique | Timor Leste |
| Etiopía | Myanmar | Togo |
| Gambia | Namibia | Tuvalu |
| Ghana | Nepal | Uganda |
| Guatemala | Níger | Vanuatu |
| Guinea | Nixeria | Xibutí |
| Guinea Bissau | Palestina | Zambia |
| Guinea Ecuatorial | Papúa Nova Guinea | Zimbabwe |